

## YOLANDA NO ESPELLO

Pasaron xa cinco anos desde que, en 1998, tiveramos entre as mans un libro de Yolanda Castaño (sen contarmos, por suposto, a antoloxía *Edénica* que viu a luz en 2000) e, desde aquel *Vivimos no ciclo das erofanías*, ata o actual *O libro da egoísta*, a autora mudou de rexistro poético e concentrou aínda máis o seu discurso. Así, o eu preséntase agora dicindo: “Eu sempre estiven cansa. Este egoísmo voraz que insiste na miseria. Pulsa a miña vixilia a única fortuna dos tolos. A que non comprendeu nada pero sentiuno todo” porque *ela* vai ser o personaxe central dos poemas, esa *outra* que é tamén *unha*, como irmás siamesas, e por iso “fago panexíricos a esta Yolanda mesquiña, que sabe venderse”, á personaxe literaria que devén nun desdoblamento do eu. Baixo as máscaras da soberana de Adnaloy que se entrega ás bestas, da ventrílocua cantando en múltiples voces, da tirana, da adolescente con amante oriental -clarísima a homenaxe a Marguerite Duras e á súa obra *El amante de la China del Norte*-, da escrava sometida a ritos que ela mesma inventa; a egoísta aflora, usurpa o seu nome ó ser real, ocupa os espazos, o corpo e a palabra para expresarse desde a súa propia personalidade ególatra. Gusta esta Yolanda literaria de exhibir perante o lector todos os resortes da súa identidade, os desexos e os dramas que a obrigan a andar sempre na procura constante da beleza, ese “pechado círculo, un vicio escuro, un remorso. Como unha impostura en cuxa defensa se me vai a vida”. Eis o sino ineludible que a aproxima á fatalidade humana e ás súas conxéneres por máis que afirme, “eu xa non son daquelas que tiveron que traballar para *nosoutras*. Nin a miña cabeza será escrava do meu orgullo. Subxugadas e tristes ó plan da intelixencia. Por iso o meu corpo non se detén en carreiras, e esquecín todo o programa (...) Que rachei os meus contratos, deitei, e *non quero ser lista*”. Nada hai, pois, que a oriente nunha dirección predeterminada, aínda sendo un elo nunha cadea que vén de antano -sobre todo literariamente- recoñécese libre para afrontar a escrita e a vida sen trabas e sabe que “Non hai dirección que non me conteña, raza que non en min se comece e filas de díxitos estendendo para min os seus dedos ferais” porque “O que interesa son os meus pasos” xa que a través deles conforma tamén o seu territorio, ese lugar escuro -“un bosque de símbolos”- que a nós nos toca desentrañar con paciencia como quen desartella os resortes do asombro. E así, invéntase un culto propio -“aprendo a entrar no templo, e facerme sacerdotisa”- que non deixa de ser unha impostura máis e Yolanda afirma: “non podo facer nada para deixar de mentir” desde o desdoblamento, a efíxie especular que pon a súa voz na outra como unha boneca que a ventrílocua manexa a pracer para transmitirnos, ó seu través, a mensaxe primordial. Esta chéganos vehiculada nunha linguaxe nova, máis directa e espida do que é habitual en Yolanda Castaño, e nunha prosa poética que adopta os moldes do monólogo teatral,

da carta, dos diarios... Con todo, *O libro da egoísta* supón o reencontro coa estética característica da súa autora, coa vontade radical de falar dun mundo complexo onde o lector pode mirar cara a cara a esa *outra* que é *unha*, á personaxe literaria de Yolanda, á súa imaxe no espello.

TERESA SEARA

*Tempos Novos*, 76, setembro 2003, p. 77

